

ORDENANZA FISCAL Nº 11

Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa por Licencias de Auto Taxis e demais Vehículos de Alugueiro

Artigo 1º. - Fundamento e natureza.

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réximen local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das facendas locais, este Concello establece a "taxa por licenza de auto taxis e demais vehículos de alugueiro", que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, as normas da cal atenden ó prevenido no artigo 58 da citada Lei 39/1988.

Artigo 2º. - Feito imponible.

Constitúe o feito imponible desta taxa a prestación dos servizos e a realización das actividades que, en relación coas licencias de auto taxis e demais vehículos de alugueiro a que se refire o Regulamento aprobado polo Real decreto 763/1979, de 16 de marzo, que se sinala a continuación:

- a) Concesión e expedición de licencias
- b) Autorización para transmisión de licencias, cando proceda o seu outorgamento, consonte á lexislación vixente.
- c) Autorización para substitución dos vehículos afectos ás licencias, ben sexa este cambio de tipo voluntario ou por imposición legal.
- d) Revisión periódica ou extraordinaria dos vehículos.
- e) Expedición do permiso municipal de conducir.

Artigo 3º. - Suxeito pasivo.

Están obrigados ó pagamento da taxa, en concepto de suxeitos pasivos contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei xeral tributaria:

- a) A persoa ou entidade a favor da cal se outorgue a concesión e expedición da licenza, ou a favor da cal se autorice a transmisión de dita licenza.
- b) O titular da licenza o vehículo da cal sexa substituído ou obxecto de revisión.

Artigo 4º. - Responsables.

Responderán solidaria e subsidiariamente deste tributo as personas físicas ou xurídicas a que se refiren os artigos 38, 39 e 40 da Lei xeral tributaria.

Artigo 5º. - Cota tributaria.

A cota tributaria determinarase por unha cantidade fixa de acordo coa seguinte tarifa:

a) Concesión e expedición de licencias de auto taxis e servicios especiais, 3.219 euros.

b) Autorización para transmisión de licencias:

- Transmisión "ínter vivos", 3.219 euros.
- Transmisión "mortis causa", 321,90 euros.
- Transmisión ó cónxuxe ou herdeiros forzosos en vida do titular, por xubilación ou incapacidade deste, 644 euros.

c) Autorización para substitución de vehículos, 21,50 euros.

d) Revisión de vehículos, 27,60 euros.

e) Permiso municipal de conducir, 15,33 euros.

f) Concesión e expedición de licencias de servicios públicos de transporte lixeiro en vehículos de carga, 459,80 euros.

Artigo 6º. - Exencións e bonificacións.

Non se concederá ningunha exención ou bonificación no pagamento da taxa.

Artigo 7º. - Devengo.

1. Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuír nos casos sinalados nas letras a), b) e c) do artigo 2º, na data que este Concello conceda e expida a correspondente licencia ou autorice a súa transmisión, ou que autorice a substitución do vehículo.

2. Cando se trate da prestación dos servicios de revisión dos vehículos, a taxa

devengarase no momento en que se inicie aquela prestación, entendendo, para os efectos, que dita iniciación se produce coa solicitude dos mesmos.

Artigo 8º. - Declaración e ingreso.

1. A realización das actividades e a prestación dos servicios suxeitos a esta taxa levaranse a cabo a instancia de parte, a excepción da revisión de vehículos que poderá realizarse de oficio.

2. O solicitante presentará a declaración-liquidación da taxa e xustificante de ter ingresado a cota tributaria ó mesmo tempo que efectúe a correspondente solicitude.

Artigo 9º. - Infraccións e sancións.

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas corresponden en cada caso, estarase ó disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei xeral tributaria.